

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE ABRIL DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de abril de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da seguinte licenza urbanística para construción dun conxunto edificatorio en dúas fases para 35 vivendas, rochos e prazas de aparcadoiros sita na rúa Doutor Gasalla, número 29, e rúa Ramón Cabanillas Poeta, número 17 (exp. 2022/Y001/000011).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación no expediente de contratación do servizo de mantemento da sinalización horizontal na zona urbana, exp. ref. 2024-C003-000041.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Edicións Xerais de Galicia, S.L., para a celebración do Certame de Narración Curta Ánxel Fole.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

4. PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Acórdase a aprobación do cambio de titular do posto número 4 do mercado municipal.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.